

Rama de coñecemento	Tecnolóxica
Prazas ofertadas	15
Créditos ECTS totais	60
Créditos ECTS do traballo de fin de mestrado	12
Presencialidade	Presencial
Universidades participantes	Universidade da Coruña e Universidade de Vigo

Descrición

A xeoinformática nace da fusión entre a enxeñaría informática e as ciencias da terra e enxeñarías afíns. Permite resolver problemas de índole xeográfica mediante o desenvolvemento e a aplicación de algoritmos informáticos e modelos matemáticos. A xeoinformática presenta aplicacións a diversos campos de actividade, como por exemplo a intelixencia xeoespacial, xestión urbanística, xestión do medio natural, xestión de infraestruturas, *xeomarketing*, xeosaúde, análise espacial, xeoestadística, e outros campos nos que existe a necesidade de xestionar información xeorreferenciada de forma eficaz, ordenada e estruturada para a súa utilización correcta, e onde a accesibilidade, estandarización e interoperabilidade resultan claves para o desenvolvemento da actividade.

O Máster interuniversitario en xeoinformática polas universidades de Vigo e da Coruña nace como un título de alta especialización para formar profesionais que se orienten ao mercado da industria xeoespacial, que é un dos sectores que máis rapidamente medraron nos últimos anos debido ás diferentes aplicacións relacionadas cos sistemas de posicionamento global, sistemas de información xeográfica, dispositivos móbiles ou teledetección satelital.

O plan de estudos está deseñado para que o alumnado adquira competencias no deseño, implantación e xestión de bases de datos espaciais, definición e execución de xeoprosesos, visualización de información xeográfica e realización de proxectos con sistemas de información xeográfica. Tamén inclúe contidos optativos que están deseñados para intensificar a formación do/a estudante en xeotecnoloxía (teledetección e redes de sensores) ou no ámbito das tecnoloxías da información (desenvolvemento de aplicacións SIG de escritorio, en web, ou en sistemas móbiles).

Perfil de ingreso recomendado

Persoas tituladas universitarias nunha enxeñaría, en Xeografía e en Matemáticas.

Saídas profesionais

Consultaría en *xeomarketing*, servizos de análise espacial, xeoestadística, xestión de frota de vehículos e forzas de traballo en campo, xestión de infraestruturas, xestión de recursos naturais etc.

Máis información

Coordinador	Higinio González Jorge
Páxina web do mestrado	http://www.mastergeoinformatica.es
Páxina web do centro	http://www.uvigo.es/uvigo_gl/Centros/vigo/lagoas_marcosende/enxeiros_minas.html
Código RUCT	4315281
Enlace ao RUCT	
Teléfono	986 818 752
Enderezo electrónico	higniog@uvigo.es